



**INSTRUCCIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (PE)
DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO DA EASD MESTRE MATEO**

E

**INSTRUCCIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E
TALLERES (FPEET) DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR
DA EASD MESTRE MATEO**



INDICE

1.- INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO	4
CAPITULO I. OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS	4
Artigo 1.- OBXETO E ÁMBITO DAS INSTRUCCIÓNES DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO	
Artigo 2.- MARCO XURÍDICO	
Artigo 3.- OBXETIVOS DAS PRÁCTICAS EXTERNAS	
Artigo 4.- OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES EN ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO	
Artigo 5.- OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES EN ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO	
Artigo 6.- PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES COMO CONTINUACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES. PROCEDIMENTO EXCEPCIONAL BAIXO ESPECIAL SOLICITUDE E INTERESE DA EMPRESA COLABORADORA	
Artigo 7.- PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES COMO CONTINUACIÓN DAS MESMAS NA MESMA EMPRESA	
CAPITULO II. XESTION DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS	10
Artigo 8.- XESTION E ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES	
Artigo 9.- XESTION E ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES	
CAPITULO III. CONVENIOS	14
Artigo 10.- REXIMEN XERAL CURRICULAR E EXTRACURRICULAR	
CAPITULO IV. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	14
Artigo 11.- DURACIÓN E HORARIOS DE REALIZACIÓN NO REXIMEN CURRICULAR E EXTRACURRICULAR	
Artigo 12.- PROXECTO FORMATIVO	
CAPITULO V. RECOÑECEMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS	15
Artigo 13.- ACREDITACIÓN COMO COLABORADORES	
CAPITULO VI. ESTUDANTES	15
Artigo 14.- DEREITOS DOS ESTUDANTES	
Artigo 15.- DEBERES DOS ESTUDANTES	
CAPITULO VII. MATRICULA, CONVOCATORIAS E PERMANENCIA	17
Artigo 16.-MATRICULA DAS PRÁCTICAS CURRICULARES	
Artigo 17.-CONVOCATORIAS DE PRÁCTICAS CURRICULARES	
Artigo 18.-CONVOCATORIAS DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES	
Artigo 19.-PROMOCIÓN	
CAPITULO VIII. TITORIZACIÓN	17
Artigo 20.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
Artigo 21.-TITOR OU TITORA EXTERNO DA ENTIDADE COLABORADORA	
Artigo 22.- TITOR OU TITORA ACADÉMICO DA EASD	
CAPITULO IX. AVALIACIÓN	19
Artigo 23.- AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS	
2.- INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DA EASD MESTRE MATEO	23
CAPITULO X. OBXETO E ÁMBITO	23
Artigo 26.- OBXETO E ÁMBITO DAS INSTRUCCIÓNES DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES	
Artigo 27.- MARCO XURÍDICO	
CAPITULO XI. OFERTA E XESTIÓN DAS FPEE	23
Artigo 28.- OFERTA DA FORMACIÓN PRÁCTICA	
Artigo 29.- XESTION E ORGANIZACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES	
CAPITULO XII. CONVENIOS	25
Artigo 30.- CONVENIOS E TRAMITACIÓN	
CAPITULO XIII. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	25



Artigo 31.- DURACIÓN E HORARIOS DE REALIZACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA	
CAPITULO XIV. RECOÑECEMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS	26
Artigo 32.- ACREDITACIÓNS COMO COLABORADORES	
CAPITULO XV. ESTUDANTES	26
Artigo 33.- DEREITOS DOS ESTUDANTES	
CAPITULO XVI. TITORIZACIÓN	26
Artigo 34.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
CAPITULO XVII. AVALIACIÓN	26
Artigo 35.- AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA	
3.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DAS PE E FPEET	26
Artigo 36.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES	
Artigo 37.- RECOÑECEMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR CURRICULARES	
Artigo 38.- RECOÑECEMENTO DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDIOS E TALLERES	
4.- PRACTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS e FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS ESTUDOS OU TALLERES A TRAVÉS DE ERASMUS+	28
Artigo 39.- PRACTICAS DE ERASMUS	
5.- PROTECCIÓN DE DATOS	28
Artigo 40.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL	
6.- SISTEMA DE GARANTIA DE CALIDADE	29
Artigo 41.- SISTEMA DE CALIDADE DA EASD	

INSTRUCCIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS (PE) DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO DA EASD MESTRE MATEO E DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES (FPEET) DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DA EASD MESTRE MATEO

OBXETO E ÁMBITO DAS PRESENTES INSTRUCCIÓN DE EASD

As presentes instruccións definen a organización e realización das prácticas académicas Externas (PE) dos Estudos Superiores e da Formación práctica en empresas, estudos ou talleres de tódolos estudantes dos Ciclos Formativos de grao superior da comunidade educativa da EASD Mestre Mateo. ç

O fin de establecer as presentes instruccións, e dotas a EASD Mestre Mateo dun sistema de tramitación e organización de prácticas e formación práctica dacordo cos tempos, primando a transparencia, a igualdade e a calidade dentro dos propios recursos da EASD, na actualidade.

1.- INSTRUCCIÓN ESPECÍFICAS DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

CAPITULO I. OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 1.- OBXETO E ÁMBITO DAS INSTRUCCIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

As presentes instruccións definen a organización e realización das Prácticas Académicas Externas (PE) dos estudantes que cursan estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño reguladas segundo o Decreto 172/2015, do 29 de outubro que constitúe o plan de Estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

As prácticas académicas externas constitúen una actividade de natureza formativa e carácter práctico que o alumnado deberá realizar, supervisadas polo centro académico, tendo como obxecto a aplicación e complemento dos coñecementos acadados na súa formación académica, favorecendo a adquisición das competencias asignadas a dita disciplina, preparalo para o seu exercicio profesional, facilitando a súa empregabilidade e fomentando a súa capacidade de emprendemento.

As prácticas externas poderanse realizar en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións, entidades públicas ou privadas de ámbito nacional ou internacional. Dado o carácter formativo das PE, da súa realización non se derivarán, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin suporá para o alumnado en prácticas a prestación laboral propia dun posto de traballo.

As PE poderán ser **curriculares** e **extracurriculares**:

- a) As PE curriculares configúranse como actividades académicas integrantes do plan de estudos establecido polo Decreto 172/2015, do 29 de outubro.
- b) As prácticas extracurriculares son aquelas que o alumnado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, aínda tendo os mesmos obxectivos que as prácticas curriculares, non forman parte do plan de estudos, e serán recollidas no suplemento europeo ao título (SET) segundo o establecido nesta orde.



As prácticas curriculares serán convocadas, con carácter xeral, pola EASD Mestre Mateo, a través do Departamento de relación con Empresas, estudos ou talleres, pola propia administración/dirección da escola ou se se dese o caso, pola entidade xestora adicada a tal fin que colabora mediante o oportuno convenio. En calquera caso será sempre a EASD Mestre Mateo, a encargada de facer seguimento da realización das prácticas.

En calquera caso, as prácticas deben realizarse antes de facer o depósito do título e o recoñecemento das mesmas seguirá o marco xurídico establecido segundo o regulamento específico o efecto, tal e como se fixa na orde do 21 de novembro de 2016 en referencia o Decreto 172/2015 do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2.- MARCO XURÍDICO

A realización de prácticas académicas externas fundamentase xuridicamente, ademais de polo presente Regulamento e polas normas oficiais referidas a os estudos oficiais, no artigo 11.5 do Real Decreto 1614/2009, do 26 de Outubro (BOE do 27 de outubro), no artigo 6.3.c do Real Decreto 633/2010, do 14 de mayo (BOE do 5 de Xuño), polo Decreto 172/2015 do 29 de outubro e polo Decreto 61/2011 do 24 de marzo polo que se establece o regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3.- OBXETIVOS DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

Coa realización das PE pretendese acadar os seguintes obxectivos:

- Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa formación teórica e práctica.
- Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o alumnado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos acadados.
- Favorecer o desenvolvemento de competencias xerais, transversais e específicas asignadas á disciplina e as competencias metodolóxicas, persoais e participativas.
- Obter a experiencia práctica que lle facilite a inserción no mercado laboral.
- Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

Artigo 4.- OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES EN ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

A aprobación, actualización e publicación da oferta de prácticas curriculares para cada título corresponde ao departamento de Relación con Empresas, estudos ou talleres, de conformidade cos convenios asinados a tal efecto segundo a tramitación realizada polo Departamento de Empresas E tendo en conta acadar con cada un os obxectivos fixados no presente regulamento. Para o cal e previamente a publicar una oferta de prácticas, o Departamento de Empresas, coordinación e xefatura, deberá estudar e avaliar a súa idoneidade de forma conxunta co departamento correspondente a través da figura dos titores de prácticas asinados para cadanseus estudos e departamentos.

Ademais da oferta de empresas por parte da EASD, os alumnos poderán optar por buscar empresa onde facer as prácticas, sempre e cando non contacten con ningunha empresa das colaboradoras directas coa EASD. Para evitar intrusionas no procedemento e xestión de prácticas da EASD, farase público listado de empresas da bolsa de colaborades no taboleiro de anuncios da EASD e os titores de prácticas informarán o alumnado sobre as condicións, requisitos e penalizacións; a bolsa de empresas será variable non querendo dicir que todas as empresas que figuren coma colaboradoras oferten prácticas en tódalas edicións convocadas.



Antes de facer ningunha xestión o alumno deberá confirmar co seu titor/coordinador de prácticas que a empresa que desexa contactar non figura entre as colaboradoras e restrinxidas.

Calquera alumno que non respete esta instrución e contacte de forma particular con calquera empresa colaboradora interferindo no sistema de oferta pública ó resto do alumnado, será inmediatamente penalizado, eliminando a súa persoa do sistema de xestión de prácticas e non xestionándolle ningún convenio na convocatoria da incidencia.

Requisitos do alumnado para optar a facer as prácticas Curriculares:

- ter tódolos créditos superados, coa excepción do TFE.
- ter ata un máximo de 18 créditos ECTS pendentes (ao marxe do TFE); neste caso o alumno poderá solicitar a súa realización na convocatoria na que cumpra este requisito, con autorización da Xefatura de Estudos da EASD Mestre Mateo.

Sistema de asignación de empresas nas prácticas Curriculares:

— Empresas propostas pola EASD:

A EASD conta cunha bolsa de empresas colaboradoras, que ofertará de forma pública nas convocatorias expostas anualmente ó alumnado. Con ditas empresas asinará un Convenio de Prácticas específico que permita a incorporación de cada alumno/a ao seu centro de traballo para a realización das prácticas. A EASD será a única intermediaria entre as empresas o os alumnos ata a firma de conformidade coas prácticas asignadas.

— Empresas propostas polos estudantes:

Ademais das empresas colaboradoras coa Escola nas prácticas, o alumno pode realizar prácticas noutras empresas, sempre que o comunique á Xefatura de Relacións con Empresas nos prazos establecidos na convocatoria e exista un convenio asinado adaptado ás condicións requiridas.* *non se poderá contactar con empresas das xa colaborados coa EASD baixo risco de penalización.*

Singularidades sobre a situación xeográfica das empresas:

- **Empresas na comunidade de Galicia:** a tramitación é directa nos prazos e procedementos establecidos.
- **Empresas no ámbito territorial Nacional:** a tramitación leva asociada unha solicitude de excepcionalidade á Xefatura Territorial.
- **Empresas de fóra do territorio Español:** a tramitación leva asociada unha solicitude de excepcionalidade á Xefatura Territorial ou a solicitude de prácticas Erasmus+, as cales serán debidamente informadas polo responsable Erasmus da EASD, perdendo xa a consideración de prácticas curriculares.

Condicións das prácticas:

- Non teñen carácter laboral, nin son retribuídas.
- O alumnado está cuberto por un seguro de accidente e de responsabilidade civil, suscrito pola Consellería de Educación.
- Terán unha duración mínima de 250 horas (a duración máxima da disciplina son 300 horas, 12 créditos ECTS).
- Terán titores asociados tanto na Empresa como na EASD e serán valoradas e calificadas
- Non son prorrogables



Artigo 5.- OFERTA DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES EN ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

A EASD Mestre Mateo, a través do Departamento de relación con Empresas, estudos ou talleres, a propia administración/dirección da escola ou se se dese o caso, pola entidade xestora adicada a xestión de prácticas da escola poderán convocar as prácticas extracurriculares.

As prácticas extracurriculares son entendidas por este Departamento como una vía de investigación, enriquecemento e inserción laboral para os nosos alumnos e polo tanto un medio a potenciar e favorecer para aqueles alumnos que o desexen; se ben e certo que, este departamento entende que dito sistema tamén poderá ser visto por algunhas empresas como una posible práctica abusiva que deberá controlarse, de xeito que a Nosa Escola coide os nosos titulados e non permita que sexan vistos como un mercado de titulados e profesionais infra valorados ou como man de obra gratuíta.

Outro punto a valorar e do cal queremos deixar constancia, e da relevancia e nome da escola como centro de prestixio e creación de titulados de alta cualificación. A hora de permitir que un alumno sexa incorporado a una empresa deberemos garantir que os seus coñecementos son os óptimos para coidar o bo nome da Escola na que foi instruído, e polo tanto deberemos regular que alumnos poidan ou non acceder a ditas prácticas segundo un mínimo de créditos acadados e pasando certo control rigoroso sobre as súas capacidades para poder optar as prácticas extracurriculares e o mundo laboral. Dito control deberán facelo aqueles que ben os coñecen, os formaron e representan na súa figura a formación impartida na nosa escola; os mestres (titores) e o Xefe de Departamento.

En xeral, as entidades colaboradoras que oferten prácticas curriculares non ofertarán o mesmo tipo de prácticas como extracurriculares. Se se dese a excepción, debido a especial interese da empresa colaboradora en cuestión por ofertarse tamén como prácticas extracurriculares, deberá acordarse e autorizarse mediante reunión conxunta do Departamento de Empresas e do Departamento de Estudos de Grao vinculado as prácticas en cuestión. En dito caso a xestión das prácticas extracurriculares en empresas colaboradoras será ofertada pola EASD sen intervención de ningún alumno, e serán publicamente ofertadas e adxudicadas nos mesmos prazos establecidos, entre aqueles solicitantes que opten as mesmas avaliando a súa aptitude para o traballo a desenrolar, méritos académicos e afinade para coa empresa; todo en reunión conxunta departamental e seguindo as pautas do presente Regulamento o criterios de transparencia.

No caso da EASD Mestre Mateo, a oferta xeral de prácticas extracurriculares limitarase a abrir una convocatoria anual, con dous prazos de presentación de documentación coincidentes coas prácticas curriculares; na cal os alumnos que cumpran os requisitos cubrirán a solicitude e facilitarán os datos da empresa coa que contactaron e nas cales queren facer as prácticas externas extracurriculares. De xeito que tras obter a aprobación das mesmas polo departamento, se lles confirme un titor de seguimento na EASD, outro na empresa e se asine con eles un convenio baixo a tutela da EASD Mestre Mateo.

Queda terminantemente prohibido o contacto dos alumnos coas empresas colaboradoras da EASD. Calquera alumno que non respete esta instrución e contacte de forma particular con calquera empresa colaboradora das prácticas curriculares, interferindo no sistema de oferta pública ó resto do alumnado, será inmediatamente penalizado, eliminado a súa persoa do sistema de xestión de prácticas no presente ano académico. Para evitar intrusionas no procedemento e xestión de prácticas da EASD, farase público listado de empresas da bolsa de colaborades no taboleiro de anuncios da EASD e os titores de prácticas informarán o alumnado sobre as condicións, requisitos e penalizacións; a bolsa de empresas será variable non querendo dicir que todas as empresas que figuren coma colaboradoras oferten prácticas en tódalas edicións convocadas, de xeito que antes de facer ningunha xestión o alumno deberá confirmar



co seu titor/coordinador de prácticas que a empresa que desexa contactar non figura entre as colaboradoras e restrinxidas.

Requisitos do alumnado para optar a facer as prácticas Extracurriculares e condicións das mesmas:

- **TIPO A: Os alumnos de 3º curso cun 50 % dos créditos superados en dito curso e a totalidade dos cursos anteriores superados.**
 - Presenten a solicitude de autorización de prácticas extracurriculares e demais documentación esixida, cumprindo os requisitos e nos prazos establecidos.
 - Autorizarase un máximo de 4 horas de xornada de traballo e deberán sempre priorizar a asistencia as clases. (*non se autorizarán prácticas incompatibles coa xornada lectiva do alumno*)
 - Poderán realizalas durante todo o curso lectivo a excepción de Xullo e Agosto.
 - O mínimo de créditos a realizar son 5 ECTS (125 horas), e o máximo de créditos a realizar será de 30 ECTS (750 horas/ 6 meses máximo)
 - Deberán presentar un *dossier/solicitude* (modelo do departamento de empresas) que aclare todos estes parámetros e plan de traballo/ proxecto formativo e sexa aprobado polo Departamento de Empresas coa autorización do Departamento de Moda/Produto nunha reunión o efecto levada a cabo nas figuras representantes de ditos departamentos segundo o regulamento de prácticas (as titoras de moda/produto e as xefa do departamento de empresas) * farase especial mención/control de que as clases terán prevaencia sobre as prácticas.

- **TIPO B: Os alumnos de 4º sempre prevaecendo a asistencia e horario lectivo**
 - Presenten a solicitude de autorización de prácticas extracurriculares e demais documentación esixida, cumprindo os requisitos e nos prazos establecidos.
 - Poderán realizalas durante todo o curso lectivo a excepción de Xullo e Agosto.
 - O mínimo de créditos a realizar son 5 ECTS (125 horas), e o máximo de créditos a realizar será de 30 ECTS (750 horas/ 6 meses máximo)
 - Máxima xornada diaria: 8 horas
 - Deberán presentar un *dossier/solicitude* (modelo do departamento de empresas) que aclare todos estes parámetros e plan de traballo/ proxecto formativo e sexa aprobado polo Departamento de Empresas coa autorización do Departamento de Moda/Produto nunha reunión o efecto levada a cabo nas figuras representantes de ditos departamentos segundo o regulamento de prácticas (as titoras de moda/produto e as xefa do departamento de empresas) * farase especial mención/control de que as clases terán prevaencia sobre as prácticas.

- **TIPO C: Os alumnos de 4º con só pendente o TFE**
 - Presenten a solicitude de autorización de prácticas extracurriculares e demais documentación esixida, cumprindo os requisitos e nos prazos establecidos
 - Poderán realizalas durante todo o curso lectivo a excepción de Xullo e Agosto.
 - O mínimo de créditos a realizar son 5 ECTS (125 horas), e o máximo de créditos a realizar será de 30 ECTS (750 horas/ 6 meses máximo)
 - Máxima xornada diaria: 8 horas
 - Deberán presentar un *dossier/solicitude* (modelo do departamento de empresas) que aclare todos estes parámetros e plan de traballo/ proxecto formativo e sexa aprobado polo Departamento de Empresas coa autorización do Departamento de Moda/Produto nunha reunión o efecto levada a cabo nas figuras representantes de ditos departamentos segundo o regulamento de prácticas (as titoras de moda/produto e as xefa do departamento de empresas) * farase especial mención/control de que as clases terán prevaencia sobre as prácticas.



Condições e mencións especiais das prácticas extracurriculares:

1. Non se poderá optar a prácticas extracurriculares nas mesmas empresas colaboradoras coas prácticas curriculares salvo excepción valorada polo departamento derivada dunha solicitude expresa da empresa e recollida no artigo 4 do presente regulamento.
2. Poderanse realizar prácticas ata cubrir o número máximo de créditos permitidos, poderase repetir empresa sempre e cando a mesma faga o pago ó alumno dunha contía a modo de bolsa de estudos equivalente o salario mínimo profesional.
3. Plantéxase dous prazos/convocatorias para presentar as solicitudes de prácticas coincidindo cos períodos establecidos para as curriculares; fóra de ditos prazos non se tramitará ningunha solicitude.
4. Os alumnos que soliciten prácticas extracurriculares deberán presentar o *dossier*, buscar a empresas e facilitar tódolos datos nos prazos estipulados ó efecto, axustarse os prazos establecidos e nunca contactar con empresas xa colaboradoras coa EASD.
5. Os alumnos deberán facer entrega dunha memoria de prácticas o titor correspondente da EASD, que condicionará o seu apto e computo de créditos no suplemente europeo
6. As prácticas extracurriculares non teñen seguro cuberto pola consellería polo que a Empresa deberá garantir as condicións de seguro e cubrir o alumno fronte a calquera risco no seu período de prácticas. O alumno deberá presentar xustificante da tramitación do seguro.
7. Os alumnos recibirán un certificado de realización das prácticas extracurriculares e os titores que o precisen recibirán tamén un certificado de seguimento e titorización das prácticas extracurriculares.

Artigo 6.- PRACTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES COMO CONTINUACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES. PROCEDIMIENTO EXCEPCIONAL BAIXO ESPECIAL SOLICITUDE E INTERESE DA EMPRESA COLABORADORA

Recóllese neste regulamento o **procedemento excepcional por especial interese da empresa que faga constar directamente ós coordinadores**. Superado o máximo número de horas de prácticas curriculares o estudantado, **previa solicitude da empresa**, pode realizar prácticas extracurriculares excepcionalmente como continuación das anteriores na mesma entidade sempre que:

- Conste especial interese da empresa polo perfil concreto do alumno
- Exista solicitude presentada segundo os prazos e requisitos da escola
- Exista constancia expresa de que a empresa seguirá colaborando coas prácticas curriculares
- Exista autorización por parte do centro (notificado o departamento/titor correspondente) e da entidade colaboradora
- **As prácticas extracurriculares a desenrolar non se correspondan co mesmo tipo de prácticas xa desenroladas.**
- A práctica extracurricular como continuación da curricular é un procedemento excepcional e **terá que contemplar a dotación duna axuda con carácter de bolsa que a empresa colaboradora** concederá o alumno e será proporcional ao salario mínimo interprofesional no país onde teñan lugar as prácticas extracurriculares, en función do número de horas realizadas. **Este dato deberá estar recollido no informe e solicitude que o alumno presente para a solicitude de novas prácticas** así como **a garantía de cubrir a empresa o seguro do estudante** no período que este estea na empresa realizando as súas prácticas extracurriculares. Ditos compromisos por parte da empresa deberán constar de forma escrita e anexarse na solicitude de prácticas.



Artigo 7.- PRACTICAS ACADÉMICAS EXTRACURRICULARES COMO CONTINUACIÓN DAS MESMAS NA MESMA EMPRESA

Recóllese neste regulamento o caso de que un alumno estando realizando as prácticas extracurriculares remate o convenio realizado, aínda non esgotase o máximo de horas dispoñibles para prácticas extracurriculares e desexe facer una "continuación/renovación" das prácticas extracurriculares na mesma empresa. En dito caso, o alumno debera presentar una nova solicitude, deberá axustarse os prazos establecidos de tramitación na EASD, presentar a documentación de nova solicitude indicando que se trata dunha renovación de convenio na nova empresa e esperar avaliación positiva ou negativa da mesma.

- En caso de aprobación da renovación na mesma empresa, dita empresa deberá garantir **a dotación duna axuda con carácter de bolsa que a empresa colaboradora** concederá o alumno e será proporcional ao salario mínimo interprofesional no país onde teñan lugar as prácticas extracurriculares, en función do número de horas realizadas. **Este dato deberá estar recollido no informe e solicitude que o alumno presente para a solicitude de novas prácticas** así como a **garantía de cubrir a empresa o seguro do estudante** no período que estea na empresa. Ditos compromisos por parte da empresa deberán constar de forma escrita e anexarse na solicitude de prácticas

CAPITULO II. XESTION DAS PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS

Artigo 8.- XESTION E ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES

As PE CURRICULARES serán organizadas, supervisadas e cualificadas segundo o disposto no artigo 12.4 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Xestión e figuras de coordinación:

A EASD terá asinado o Departamento de Relación con Empresas, estudos ou talleres para supervisar, a realización do programa de formación en empresas, estudos ou talleres, así como darlle publicidade a nivel interno e externo, e organizar o seguimento dos convenios de colaboración coas empresas, estudos ou talleres para a realización do correspondente módulo de formación. Ademais tratará de:

- Fomentar a relación da escola coas empresas, estudos ou talleres do ámbito produtivo e artístico, así como identificar as necesidades formativas dos sectores produtivos e proporlle á xefatura da área de formación as actividades formación axeitadas ás necesidades identificadas.
- Promover acordos, convenios e colaboracións necesarias no ámbito da calidade, da formación, da innovación, da investigación e das TIC con empresas, estudos ou talleres, ou institucións do ámbito da escola.

Ademais:

1. O centro poderá asignar a figura/s de coordinación de prácticas que estime oportuna dependendo da complexidade das funcións a desenrolar. A súa misión será a de incentivar a participación de empresas, entidades e estudantes no programa de prácticas, coordinar todo o proceso, participar na designación e asignación de titores/as.
2. A EASD, en especial a unidade administrativa, servirá, na medida da súa dispoñibilidade, de apoio a xestión do Departamento de Empresas en funcións tales como:



- i. Realizar tarefas de información aos estudantes/empresas da EASD sobre prazos, convocatorias, trámites, xestións...
 - ii. Colaborar no proceso de selección (na elaboración de listas, posible baremación do alumando, publicación de ofertas de traballo/prácticas...)
 - iii. Manter e remitir información ao Xefe do Departamento de Empresas garantindo así a coordinación do sistema de xestión de prácticas externas.
 - iv. Colaborar na resolución de incidencias
 - v. Xerar a documentación e certificacións pertinentes
 - vi. Remitir os convenios a inspección educativa e xerar listados de alumnos en prácticas
 - vii. Arquivar toda a documentación administrativa xerada polos procesos de prácticas académicas externas convocadas polo centro
3. Cada Departamento dos diferentes estudos da EASD terá asinado o titor/titores necesarios para as función de seguimento e coordinación das prácticas externas.
4. Cada estudante terá asignado un titor académico que será un docente da titulación designado polo centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento máis directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor académico tamén será o responsable de avaliar ao estudiantado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento establecido pola EASD.
5. Cada estudante contará tamén cun titor externo na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo estudante.
6. A EASD establecerá un proceso de adxudicación conforme a procedementos e criterios que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Terase en conta a afinidade para coa empresa, as relacións de solicitudes persoais e en caso de coincidencia entre varios estudantes primarase o expediente académico.
7. O estudante poderá optar por unha de entre estas dúas modalidades de xestión:
 - buscar empresa propia (nunca entre as que son colaboradoras da EASD), (*Se o alumno contacta con empresas xa colaboradoras será sancionado e non se lle xestionarán as prácticas nesa convocatoria*) (en dito caso o alumno presentará nas datas correspondentes a folia de datos propia e da empresa cuberta)
 - presentar 3 preferencias de asignación de entre as empresas colaboradoras coa EASD nos prazos establecidos.
8. Os alumnos que non den conformidade coa lista provisional entendese renuncian a tramitación das prácticas nesa convocatoria.
9. Ós alumnos que non pasen a fase de entrevista/portfolio daquelas empresa que a soliciten unha vez asinada xa a lista de conformidade, poderáselle facilitar empresa por parte da EASD sempre e canado queden prazos dispoñibles. De non ter empresas dispoñibles o alumno quedará emprazado a outra convocatoria de prácticas. Dende



o Departamento tratarase de informar que empresas solicitan este requisito para que o alumno poida ou non prantexalas dentro das súas 3 preferencias na solicitude baixo a súa responsabilidade e risco.

10. O estudante será o encargado de levar o convenio a empresa e remitilo na maior brevidade posible a EASD para que poida ser tramitado a inspección educativa. Ningún alumno poderá incorporarse a empresa sen que o convenio conste na EASD para ser remitido á inspección educativa.
11. A EASD non ten obriga nin garante a existencia e dispoñibilidade de prazas e empresas en cada convocatoria de prácticas curriculares para todos os estudantes matriculados nas mesmas. Polo que se promoverá que os alumnos presenten empresas propias aparte das colaboradoras coa EASD.
12. A EASD, no principio de cada curso académico, organizará unhas reunións informativas nas que asesorará a todos os estudantes/titores das normas, prazos, calendarios e procedementos que rexen as presentes instrucións de xestión das PE nas súas diferentes modalidades, así como as ferramentas, documentos e medios dos cales a EASD conta no curso en cuestión.

Artigo 9.- XESTION E ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES

As PE extracurriculares responden e fundamentase xuridicamente, ademais de polo presente Regulamento e polas normas oficiais referidas a os estudos oficiais, no artigo 11.5 do Real Decreto 1614/2009, do 26 de Outubro (BOE do 27 de outubro), no artigo 6.3.c do Real Decreto 633/2010, do 14 de mayo (BOE do 5 de Xuño), polo Decreto 172/2015 do 29 de outubro e polo Decreto 61/2011 do 24 de marzo polo que se establece o regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa xestión na EASD será realizada polo Departamento de Relación con Empresas, estudos ou talleres.

A coordinación das mesmas responderá a unha única convocatoria anual pública, con dous prazos de presentación de solicitudes que serán revisadas e aprobadas polo departamento, responsable e titores correspondentes.

A EASD tratará de promover e favorecer as diferentes iniciativas dos alumnados para buscar empresas onde obter un posto en valor do seu traballo académico e favorecer un achegamento a vida futura profesional.

Ademais:

1. O centro poderá asignar a figura/s de coordinación de prácticas que estime oportuna dependendo da complexidade das funcións a desenrolar. A súa misión será a de incentivar a participación de empresas, entidades e estudantes no programa de prácticas, coordinar todo o proceso, participar na designación e asignación de titores/as.
2. A EASD, en especial a unidade administrativa, servirá, na medida da súa dispoñibilidade, de apoio a xestión do Departamento de Empresas en funcións tales como:
 - i. Realizar tarefas de información aos estudantes/empresas da EASD sobre prazos, convocatorias, trámites, xestións...
 - ii. Colaborar no proceso de selección (na elaboración de listas, posible baremación do alumando, publicación de ofertas de traballo/prácticas...)
 - iii. Manter e remitir información ao Xefe do Departamento de Empresas garantindo así a coordinación do sistema de xestión de prácticas externas.



- iv. Colaborar na resolución de incidencias
 - v. Xerar a documentación e certificacións pertinentes
 - vi. Remitir os convenios a inspección educativa e xerar listados de alumnos en prácticas
 - vii. Arquivar toda a documentación administrativa xerada polos procesos de prácticas académicas externas convocadas polo centro
3. Cada Departamento dos diferentes estudos da EASD terá asinado o titor/titores necesarios para as función de seguimento e coordinación das prácticas externas.
4. Cada estudante terá asignado un titor académico que será un docente da titulación designado polo centro para cada práctica ofertada e coa misión de facer un seguimento mais directo da mesma, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor académico tamén será o responsable de avaliar ao estudiantado de prácticas externas extracurriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento establecido pola EASD para obter o apto ou non e a súa implementación no expediente europeo do título.
5. Cada estudante contará tamén cun titor externo na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido polo estudante.
6. A EASD establecerá un proceso de validación das solicitudes conforme a procedementos e criterios que garantan os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Serán públicos e coñecidos por tódolos estudantes dende a reunión informativa ó efecto.
7. As empresas deberán garantir que o estudante queda cuberto por un seguro que a empresa deberá tramitar; para elo o estudante aportará un xustificante por escrito como garantía de dita responsabilidade no *dossier* que axuntará na solicitude de prácticas extracurriculares.
8. Para favorecer que os alumnos e empresas teñan a información o respecto do xestión de prácticas, toda a información estará dispoñible no taboleiro da EASD e na web www.easd.es.
9. O alumno será o encargado de buscar a empresa (nunca poderá dirixirse as empresa xa colaboradoras coas prácticas curriculares) e xestionará a información coa empresa, a fin de preparar a solicitude completa e presentar a mesma nos prazos correspondentes.
10. A EASD non oferta directamente empresas na convocatoria de prácticas extracurriculares.



CAPITULO III. CONVENIOS

Artigo 10.- REXIMEN XERAL CURRICULAR E EXTRACURRICULAR

Convenios:

A EASD e as entidades colaboradoras na realización das PE asinarán un acordo de colaboración no que constará, cando menos, os seguintes datos:

- a) Nome, razón social da empresa ou institución na que se realizarán as prácticas externas, e persoa responsable da realización das PE por parte da empresa ou institución.
- b) Centro, dirección e localidade na que terán lugar.
- c) Datas de comezo e remate das PE, e a súa duración en horas.
- d) Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario/s asignado/s.
- e) Programación das actividades e competencias a desenvolver.
- f) Horario e calendario individualizado para cada alumno/a, e definición das tarefas nas que o alumnado terá que participar.
- g) Modelo de informe de valoración da actividade desenvolta polo alumnado na realización das PE, a formalizar polo/a responsable das PE por parte da empresa ou institución.

Ditos convenios non suporán a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante.

Tanto a EASD como as entidades colaboradoras facilitarán a elaboración e integración daqueles alumnos con discapacidade, procurando a disposición de medios e recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios que aseguren a igualdade de oportunidades.

Independentemente da natureza das prácticas (curriculares ou extracurriculares) deberá nomearse un titor de empresa coma un titor da EASD que será o encargado de avaliar as mesmas.

No caso de incumprimento das obrigas da empresa ou estudante, a EASD previa reunión o efecto, poderá proceder á revogación de todos os convenios formalizados con dita entidade e impedir a subscripción de outros novos convenios, sen prexuízo de esixir as responsabilidades a que houbera lugar.

CAPITULO IV. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Artigo 11.- DURACIÓN E HORARIOS DE REALIZACIÓN NO REXIMEN CURRICULAR E EXTRACURRICULAR

- Prácticas curriculares (nos prazos fixados no calendario anual):
 - 8 horas de xornada máxima diaria
 - 250 horas mínima ata 300 horas máximo
- Prácticas extracurriculares (nunca xullo e agosto, e con asistencia lectiva garantida):
 - **TIPO A:** 4 horas de xornada máximo diaria
5 ECTS mínimo (125 horas) ata 30 ECTS máximo (750 horas / 6 meses)
 - **TIPO B:** 8 horas de xornada máximo diaria
5 ECTS mínimo (125 horas) ata 30 ECTS máximo (750 horas / 6 meses)
 - **TIPO C:** 8 horas de xornada máximo diaria



5 ECTS mínimo (125 horas) ata 30 ECTS máximo (750 horas / 6 meses)

Procurarase sempre, nas prácticas curriculares coma nas extracurriculares, que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado no centro no que cursa as ensinanzas superiores de Deseño

Artigo 12.- PROXECTO FORMATIVO DAS PE

O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian a realizar e así quedará garantido na memoria entregada polo alumno e na avaliación das competencias polo titor de empresa. Os obxectivos educativos establécense considerando as competencias básicas, xenéricas e /ou específicas e transversais que debe adquirir o estudante. Así mesmo, os contidos da práctica definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

En todo caso procurarase que o proxecto formativo sexa conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. A EASD considera que dito proxecto formativo debe ser aberto, establecerse e controlarse polo titor da empresa baixo a supervisión do titor académico.

CAPITULO V. RECOÑECIMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS

Artigo 13.- ACREDITACIÓNS COMO COLABORADORES

A EASD recoñecerá as empresas, persoas e institucións a súa colaboración no desenvolvemento das prácticas mediante a realización dunha certificación para aquelas entidades que a soliciten. Dita colaboración tratarase de publicitar na web e medios propios da EASD para agradecer as oportunidades ofertadas ao noso alumnado.

CAPITULO VI. ESTUDANTES

Artigo 14.- DEREITOS DOS ESTUDANTES

Os estudantes das prácticas terán dereito a contar cun titor externo na entidade colaboradora na que as realicen, e tamén cun titor académico da EASD.

Ademais terán dereito a:

- Seren avaliados conforme a normativa e regulamentos o efecto tal e como figura nos anexos e serán coñecidos polos titores externos e internos. Os estudantes teñen dereito a coñecer os criterios de avaliación.
- No caso das prácticas curriculares, de obter unha avaliación positiva a cuantificar os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos; e nas prácticas extracurriculares que contén cunha avaliación positiva deberán acreditarse as mesmas e facelas constar no expediente e no SET sempre que se realicen antes do remate de estudos.
- Obter unha certificación na que se acredite a realización de ditas prácticas nas entidades colaboradoras.
- Estar cuberto por seguro, sexa un seguro tramitado pola consellería de educación (curriculares) ou pola empresa (extracurriculares).
- Percibir, nos casos nos que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- A propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.



- Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora
- Dispoñer dos recursos necesarios para o acceso aos estudantes con discapacidade á tutela, a información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- Conciliar, no caso de estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividade e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- Aqueloutros dereitos previstos na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola EASD e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas.

No caso de que por incumprimento da empresa, nas práctica curriculares, o estudante perdera a opción a prácticas por incumprimento do convenio; se a EASD aínda ten dispoñibilidade doutras pazas en empresas e o calendario das prácticas o permite; faráselle un novo convenio para que se solvente a situación e que o alumno non perda as prácticas nesa convocatoria. *(Dita medida será aplicable na medida do posible segundo a dispoñibilidade de empresas).*

No caso de non obter conformidade coa nota, o alumno poderá solicitar revisión da mesma dacordo co procedemento de revisión establecido na normativa pertinente.

Así mesmo terán todos aqueles dereitos recollidos na normativa que regula os seus estudos.

Artigo 15.- DEBERES DOS ESTUDANTES

1. Para ser admitidos nos programas de prácticas os alumnos deben:
 - Reunir os requisitos do artigo 3 e 4 do presente regulamento.
 - Realizar os trámites nos prazos e forma establecidos na convocatoria
 - Formalizar a matrícula se corresponde
2. Durante o período de prácticas, o estudantado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final que recolla tódolos aspectos indicados no presente regulamento, así coma, manter sempre informado das actividades o titor académico.
3. Con relación a entidade na que se desenvolven as prácticas, os estudantes deberán:
 - Incorporárense na data acordada e cumpriren o horario previsto no proxecto educativo
 - Cumpriren e respetaren o sistema organizativo daquela
 - Gardaren o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa
 - Cumpriren e respectaren as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
 - Cumpriren con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora
 - Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/ou nos correspondentes convenios de cooperación educativa asinados pola EASD e, de ser o caso, a entidade xestora de prácticas coa entidade colaboradora.
4. Os estudantes de prácticas curriculares estará obrigados, para obteren o recoñecemento académico, á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados de acordo co establecido no plano de estudos.



5. O incumprimento das súas obrigas poderás determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

CAPITULO VII. MATRICULA, CONVOCATORIAS E PERMANENCIA

Artigo 16.-MATRICULA DAS PRÁCTICAS CURRICULARES

O alumnado matricularase nas prácticas externas curriculares (PE) ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria, respectivamente, para a superación desta disciplina. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá autorizar a realización das PE ao alumnado con disciplinas pendentes, sempre que a suma dos créditos asociados a estas non sexa superior a 18.

Artigo 17.-CONVOCATORIAS DE PRACTICAS CURRICULARES

O Inicio de curso coincidirá co ano académico de prácticas. Estableceranse dúas convocatorias no curso académico das cales se informarán o alumnado nos prazos establecidos polo Departamento de Empresas.

En cada convocatoria a EASD:

- facilitará listado de empresas dispoñibles
- fixará o número de prazos por empresa
- avisará de que as empresas fixarán o horario de realización das prácticas
- informará dos requisitos previos de cada empresa (se fan ou non selección propia post-lista de asignación)
- informarse de quen/quenes son os titores académicos, das normas e do seguro que cubre o alumnado
- os prazos e modos de xestión das prácticas así como das persoas responsables
- o modo de asignación, criterios e transparencia
- as condicións do seguro e modo de actuación
- os prazos e condicións de acceso/permiso ás prácticas
- os dereitos e obrigas dos estudantes, indicando o acceso as presentes instrucións

Artigo 18.-CONVOCATORIAS DE PRACTICAS EXTRACURRICULARES

O Inicio de curso coincidirá co ano académico de prácticas. Estableceranse unha convocatorias no curso académico con dous prazos para presentar a información e solicitudes, das cales se informarán o alumnado nos prazos establecidos polo Departamento de Empresas o inicio de curso na reunión conxunta informativa. Non se permite a realización de prácticas nos meses de Xullo, Agosto.

Artigo 19.-PROMOCIÓN

O alumnado das ensinanzas superiores de Deseño disporá, con carácter xeral, de catro convocatorias para a superación das diferentes disciplinas integradas nestes estudos, agás nas disciplinas de prácticas externas (PE) e no traballo fin de estudos (TFE), nas cales soamente disporá de dúas convocatorias

CAPITULO VIII. TITORIZACIÓN

Artigo 20.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

O estudantado contará cun titor externo da entidade colaboradora e cun titor académico da EASD.



Artigo 21.-TITOR OU TITORA EXTERNO DA ENTIDADE COLABORADORA

1.- O Titor externo designado pola entidade colaboradora deberá ser unha persoa vinculada á mesma, con experiencia profesional e os coñecementos necesarios apra realizar unha tutela efectiva. Non poderá coincidir coa persoa que desempeña as funcións de titor académico da universidade.

2.- O titor terá os seguintes dereitos:

- ao recoñecemento da súa actividade por parte da EASD
- a ser informado acerca do regulamento de prácticas
- a ser informado sobre os estándares académicos e competencias para establecer o proxecto formativo correcto e acadar as condicións do seu desenvolvemento
- a obter información e apoio para o cumprimento dos fins propios da súa función.

3.- O titor terá os seguintes deberes:

- Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver para establecer o proxecto formativo que se corresponda co interese e actividade da súa empresa
- Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe
- Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais
- Coordinar co titor académico da EASD o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo:
 - As redacción e modificación citado plan formativo adaptado a empresa para o normal desenrolo da práctica.
 - A comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir do desenvolvemento das prácticas
 - Control de permisos para a realización de exame e ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio
- Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas
- Proporcionar os medios materiais para o desenvolvemento das prácticas
- Facilitar ao titor académico da EASD o acceso á entidade para os fins das prácticas
- Gardar confidencialidade e en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor
- Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estancia en prácticas no desempeño da resolución das actividades competentes das mesmas.

Artigo 22.- TITOR OU TITORA ACADÉMICO DA EASD

1.- A EASD asignará un titor/a académico ligado os estudos propios de cada estudante con acceso á realización de prácticas tanto para as prácticas curriculares como extracurriculares.

2.- O titor terá os seguintes dereitos:

- ao recoñecemento da súa actividade por parte da EASD
- a ser informado acerca do regulamento de prácticas
- a ser informado sobre os estándares académicos e competencias para establecer o proxecto formativo correcto e acadar as condicións do seu desenvolvemento
- a ter acceso a empresa colaboradora para poder facer seguimento das prácticas do estudante.

3.- O titor terá os seguintes deberes:



- velar polo cumprimento das prácticas garantindo a compatibilidade co horario lectivo de ser o caso
- facer un seguimento efectivo das prácticas e coordinarse, na medida do posible co titor externo
- autorizar as modificacións no plan formativo para adaptalo a empresa segundo requira o titor externo
- avaliar as prácticas do estudante titorizado segundo o regulamento
- gardar confidencialidade sobre a empresa, alumnos e funcións propias
- informar o responsable do Departamento de Practicas de incidencias
- supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio a alumnos con discapacidade para garantir condicións de igualdade en oportunidades
- seguir as pautas das instrucións da EASD e a normativa pertinente

4.- O/a titor/a académico/a do cuarto curso das ensinanzas superiores de Deseño terá, en relación co desenvolvemento das PE, as seguintes funcións:

- Formalizar na documentación establecida para o efecto, os acordos coas persoas responsables das empresas ou institucións que colaboren co centro na realización das PE, de acordo coas directrices/instrucións aprobadas polo departamento de relación con empresas, estudos ou talleres e os procedementos de calidade.
- Asignar ao alumnado ás empresas ou institucións para a realización das PE, informándoo do calendario, horario e condicións de realización destas.
- Facer un seguimento e titorización das prácticas.
- Cubrir e custodiar a documentación relacionada coa realización das PE do alumnado, e que formará parte integrante do seu expediente académico.
- Informar e asesorar o alumnado en cantas cuestións se presenten na realización das PE.
- Calificar o alumnado, tendo en conta o informe do/da responsable das PE por parte da empresa ou institución, de acordo cos criterios fixados polo departamento correspondente e co establecido nesta orde.

CAPITULO IX. AVALIACIÓN

Artigo 23.- AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS

As PE serán avaliadas e cualificadas polo/a titor/a correspondente, segundo o establecido no artigo 37 do citado Decreto 61/2011, e tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa, institución, estudo ou taller no que o/a alumno/a teña realizadas as PE.

Así se avaliarán **tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa** na que se teñan realizado as Prácticas Externas e a memoria redactada polo alumno na que resuma a realización das mesmas. A avaliación basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias para esta disciplina. Na avaliación das PE teranse en conta os criterios que acorden o departamento da familia profesional artística correspondente e o informe individualizado do/da titor/a das PE.

O alumnado redactará e entregará ao/á seu/súa titor/a académico/a unha memoria final segundo o formato disposto polo centro, ao remate das prácticas, en que deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos (seguirán o modelo facilitado na guía de prácticas):

- Datos persoais do/da alumno/a.
- Datos da entidade colaboradora en que realizou as PE e lugar de localización.
- Descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos e departamentos da entidade aos cales estivo asignado/a, temporalización, circunstancias, calendario e horario destas.



- Valoración das tarefas desenvolvidas segundo os seguintes parámetros: adecuación das tarefas aos coñecementos e competencias acadadas na súa formación académica e grao de inmersión do/da alumno/a nos procesos produtivos e laborais da institución ou empresa.
- Valoración dos problemas formulados e o procedemento seguido para a súa resolución.
- Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas realizadas.
- Valoración da titoría efectiva desenvolvida polo/a responsable das PE por parte da entidade, e suxestións de mellora.

As memorias deberán entregarse na Secretaría de Escola, dirixidas ao titor/a académico na EASD Mestre Mateo, dende a data de remate das mesmas con anticipación suficiente para a corrección previa a avaliación.

Sistema de cualificación. As Prácticas Externas cualificaranse de 0 a 10, con un decimal. A nota final das Prácticas Externas establecerase ponderada en base ás seguintes porcentaxes:

- Asistencia, participación e colaboración no procedemento por parte do alumno/a (Valoración realizada polo/a titor/a académico/a do alumno/a na EASD Mestre Mateo)	10 %
- Memoria realizada polo alumno/a (Anexo 2.1.3) (Valoración realizada polo/a titor/a académico/a do alumno/a na EASD Mestre Mateo)	30 %
- Avaliación feita polo/a titor/a da empresa (Anexo 2.2)	60 %

No caso de que, por causa debidamente xustificada, o alumnado que está realizando as PE interrompa a súa realización, o tempo efectivo de realización seralle computado sempre que se reincorpore á súa realización, no mesmo ou diferente ano académico.

Cando o alumnado realice esta disciplina noutro centro de ensinanza artísticas superiores integrado no Espazo Europeo da Educación Superior, conforme a un programa de mobilidade do alumnado, a realización, organización e cualificación das PE realizarase conforme o establecido no dito programa de mobilidade.

O recoñecemento dos créditos das prácticas externas realizarase despois de asinada a acta de prácticas correspondente.

O SET recollerá as prácticas tanto curriculares como extracurriculares do alumno.

As competencias a ter en conta para obter a avaliación resúmense nos seguintes cadros descritores de cada estudos superior de Deseño, Moda ou Produto:

O descriptor e as competencias que debe acadar o alumnado na Prácticas externas dos Estudos superiores de Deseño na especialidade de Produto son as seguintes:

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
PRÁCTICAS EXTERNAS	4º	PRODUTO
Descriptor/contidos: -Práctica profesional en departamentos especializados no deseño de produtos. -Inserción nun entorno laboral especializado no deseño de produtos, no que o/a alumno/a poida consolidar as competencias adquiridas ao longo da súa formación académica. -Desenvolvemento das tarefas básicas dun deseñador ou deseñadora de produtos nun entorno labora		



<p>tutelado.</p> <p>-Reflexión sobre a actividade desenvolta, así como sobre as destrezas e competencias implementadas.</p> <p>-Avaliación e autovaloración da competencia profesional.</p>		
Competencias que se adquiren:		
TRANSVERSAIS:	T. 1.	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T. 3.	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T. 6.	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
	T. 12.	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
	T. 13.	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
	T. 15.	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
XERAIS:	X. 7.	Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.
	X. 11.	Comunicar ideas e proxectos aos clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.
	X. 22.	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.
ESPECÍFICAS:	E. P. 2.	Resolver problemas proxectuais mediante a metodoloxía, destrezas e procedementos adecuados.
	E. P. 3.	Propoñer, avaliar e determinar solucións alternativas a problemas complexos de deseño de produtos e sistemas.
	E.P. 10.	Producir e comunicar a información adecuada relativa á produción.
	E.P. 13.	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico no que se desenvolve o deseño de produto.
	E.P. 14.	Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.
	E.P. 15.	Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do medio e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

O descritor e as competencias que debe acadar o alumnado na Prácticas externas dos Estudos superiores de Deseño na especialidade de Moda son as seguintes:

Disciplina:	Curso:	Especialidade:
PRÁCTICAS EXTERNAS	4º	MODA
<p>Descritor/contidos:</p> <p>-Práctica profesional en departamentos especializados no deseño de produtos.</p> <p>-Inserción nun entorno laboral especializado no deseño de produtos, no que o/a alumno/a poida consolidar as competencias adquiridas ao longo da súa formación académica.</p> <p>-Desenvolvemento das tarefas básicas dun deseñador ou deseñadora de produtos nun entorno laboral tutelado.</p> <p>-Reflexión sobre a actividade desenvolta, así como sobre as destrezas e competencias implementadas.</p> <p>-Avaliación e autovaloración da competencia profesional.</p>		
Competencias que se adquiren:		
TRANSVERSAIS:	T. 1.	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
	T. 3.	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
	T. 4.	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación
	T. 6.	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
	T. 7.	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo
	T. 9.	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos



	T. 11.	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara a diversidade
	T. 13.	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
XERAIS:	X. 1.	Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionantes técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos
	X. 2.	Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e comunicación
	X. 5.	Actuar como mediadores/as entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio
	X. 11.	Comunicar ideas e proxectos aos clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.
	X. 13.	Coñecer o contexto económico, social e cultural en que ten lugar o deseño
	X. 15.	Coñecer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros/as profesionais, segundo as secuencias e grado de compatibilidade
	X. 22.	Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.
ESPECÍFICAS:	EM.1	Xerar propostas creativas de deseño de moda e indumentaria adecuadas aos condicionamentos materiais, formais, estéticos, comunicativos e funcionais do suposto de traballo
	EM.2	Concibir e materializar proxectos de deseño de moda e indumentaria que integren os aspectos formais, materiais, técnicos, funcionais, comunicativos e de realización
	EM.4	Coñecer a maquinaria e os procesos de fabricación, produción e manufacturamento dos sectores vinculados ao deseño de moda e indumentaria
	EM.12	Coñecer o marco económico e organizativo en que se desenvolve a actividade empresarial
	EM.13	Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de moda e indumentaria
	EM.14	Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial



2.- INSTRUCCIÓNES ESPECÍFICAS DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR DA EASD MESTRE MATEO

CAPITULO X. OBXETO E ÁMBITO

Artigo 26.- OBXETO E ÁMBITO DAS INSTRUCCIÓNES DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES

O presente regulamento define a organización e realización da Formación Práctica en empresas, estudos e talleres (FPEET) dos estudantes que cursan estudos na EASD Mestre Mateo.

A fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres ten como obxecto cubrir os seguintes obxetivos:

- completar a formación académica do alumnado mediante a integración nas rutinas diarias de traballo dunha empresa ou taller artesanal e a realización das funcións profesionais correspondentes a o seu nivel formativo
- facilitar a toma de contacto dos alumnos e alumnas co mundo de traballo e a incorporación ao sistema de relacións sociais, laborais e técnicas de empresa.
- contrastar os coñecementos formación e capacitación adquiridos no centro educativo coa realidade empresarial e laboral do sector relacionado cos seus estudos
- permitir ao alumnado que, a través do contacto coa empresa, incorpore a súa formación os coñecementos sobre a propia especialidade, a situación e relacións do mercado, as tendencias artística e culturais, a organización e coordinación do traballo, a xestión empresarial, as relacións sociolaborais na empresa, etc, necesarios para o inicio da actividade laboral
- adquirir os coñecementos técnicos de útiles, ferramentas, materiais e maquinaria que, pola súa especialización, coste ou novidades, non están ao alcance do centro educativo
- participar de forma activa nas fases do proceso de realización de proxectos baixo as orientacións do tutor e coordinador correspondente
- aplicar os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos durante o período de formación teórica e práctica impartida no centro educativo

Artigo 27.- MARCO XURÍDICO

A realización destas instrucións e prácticas regúlase segundo o currículo e normativa vinculante a cada un dos estudos de ciclos formativos de grao superior.

CAPITULO XI. OFERTA E XESTIÓN DAS FPEET

Artigo 28.- OFERTA DA FORMACIÓN PRÁCTICA

A aprobación, actualización e publicación da oferta de prácticas curriculares para cada título corresponde ao departamento de Relación con Empresas, estudos ou talleres, de conformidade cos convenios asinados a tal efecto segundo a tramitación realizada polo Departamento de Empresas Estudos ou talleres tendo en conta acadar con cada un os obxectivos fixados no presente regulamento. Para o cal e previamente a publicar una oferta de prácticas, o Departamento de Empresas, coordinación e xefatura, deberá estudar e avaliar a súa idoneidade de forma conxunta co departamento correspondente a través da figura dos titores de prácticas asinados para cadanseus estudos e departamentos.



Ademais da oferta de empresas por parte da EASD, os alumnos poderán optar por buscar empresa onde facer as prácticas, sempre e cando non contacten con ningunha empresa das colaboradoras directas coa EASD. Para evitar intrusionas no procedemento e xestión de prácticas da EASD, farase público listado de empresas da bolsa de colaborades no taboleiro de anuncios da EASD e os titores de prácticas informarán o alumnado sobre as condicións, requisitos e penalizacións; a bolsa de empresas será variable non querendo dicir que todas as empresas que figuren coma colaboradoras oferten prácticas en tódalas edicións convocadas.

Antes de facer ningunha xestión o alumno deberá confirmar co seu titor/coordinador de prácticas que a empresa que desexa contactar non figura entre as colaboradoras e restrinxidas.

Calquera alumno que non respete esta instrución e contacte de forma particular con calquera empresa colaboradora interferindo no sistema de oferta pública ó resto do alumnado, será inmediatamente penalizado, eliminando a súa persoa do sistema de xestión de prácticas e non xestionándolle ningún convenio na convocatoria da incidencia.

Requisitos do alumnado para optar a facer as prácticas Curriculares:

- ter tódolos módulos superados, coa excepción do PI/TF.

Sistema de asignación de empresas nas prácticas Curriculares:

— Empresas propostas pola EASD:

A EASD conta cunha bolsa de empresas colaboradoras, que ofertará de forma pública nas convocatorias expostas anualmente ó alumnado. Con ditas empresas asinará un Convenio de Prácticas específico que permita a incorporación de cada alumno/a ao seu centro de traballo para a realización das prácticas. A EASD será a única intermediaria entre as empresas e os alumnos ata a firma de conformidade coas prácticas asignadas.

— Empresas propostas polos estudantes:

Ademais das empresas colaboradoras coa Escola nas prácticas, o alumno pode realizar prácticas noutras empresas, sempre que o comunique á Xefatura de Relacións con Empresas nos prazos establecidos na convocatoria e exista un convenio asinado adaptado ás condicións requiridas.* *non se poderá contactar con empresas das xa colaborados coa EASD baixo risco de penalización.*

Singularidades sobre a situación xeográfica das empresas:

- **Empresas na comunidade de Galicia:** a tramitación é directa nos prazos e procedementos establecidos.
- **Empresas no ámbito territorial Nacional:** a tramitación leva asociada unha solicitude de excepcionalidade á Xefatura Territorial.
- **Empresas de fóra do territorio Español:** a tramitación leva asociada unha solicitude de excepcionalidade á Xefatura Territorial ou a solicitude de prácticas Erasmus+, as cales serán debidamente informadas polo responsable Erasmus da EASD, perdendo xa a consideración de prácticas curriculares.

Condicións das prácticas:

- Non teñen carácter laboral, nin son retribuídas.
- O alumnado está cuberto por un seguro de accidente e de responsabilidade civil, suscrito pola Consellería de Educación.
- Terán unha duración mínima de 150 horas (LOE)(105 estudos LOGSE)
- Terán titores asociados tanto na Empresa como na EASD e serán valoradas e calificadas



— Non son prorrogables

Artigo 29.- XESTION E ORGANIZACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDOS E TALLERES

A Formación Práctica será organizada, supervisada e cualificada segundo o disposto nos diferentes regulamentos dos estudos correspondentes, así como polo que se establece de xeito xeral nas presentes instrucións referentes as prácticas curriculares dos Estudos Superiores, en especial no artigo 8 do presente regulamento (*Artigo 8.- XESTION E ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES*).

CAPITULO XII. CONVENIOS

Artigo 30.- Convenios realización e tramitación

A EASD e as entidades colaboradoras na realización da formación práctica asinará un acordo de colaboración no que constará, cando menos, os seguintes datos:

- a) Nome, razón social da empresa ou institución na que se realizarán as prácticas externas, e persoa responsable da realización das PE por parte da empresa ou institución.
- b) Centro, dirección e localidade na que terán lugar.
- c) Datas de comezo e remate das PE, e a súa duración en horas.
- d) Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario/s asignado/s.
- e) Programación das actividades e competencias a desenvolver.
- f) Horario e calendario individualizado para cada alumno/a, e definición das tarefas nas que o alumnado terá que participar.
- g) Modelo de informe de valoración da actividade desenvolta polo alumnado na realización das PE, a formalizar polo/a responsable das PE por parte da empresa ou institución.

Ditos convenios non suporán a adquisición de compromisos de carácter contractual ou laboral coa entidade colaboradora asinante.

Tanto a EASD como as entidades colaboradoras facilitarán a elaboración e integración daqueles alumnos con discapacidade, procurando a disposición de medios e recursos humanos, materiais e tecnolóxicos necesarios que aseguren a igualdade de oportunidades.

No caso de incumprimento das obrigas da empresa ou estudante, a EASD previa reunión o efecto, poderá proceder á revogación de todos os convenios formalizados con dita entidade e impedir a subscripción de outros novos convenios, sen prexuízo de esixir as responsabilidades a que houbera lugar.

CAPITULO XIII. REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Artigo 31.- DURACIÓN E HORARIOS DE REALIZACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA

- Practicas LOE
 - 8 horas de xornada máxima diaria
 - 150 horas de prácticas
- Practicas LOGSE
 - 8 horas de xornada máxima diaria



- 105 horas de prácticas

Procurarase sempre, que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado no centro no que cursa as ensinanzas superiores de Deseño

CAPITULO XIV. RECOÑECEMENTO ÁS ENTIDADES COLABORADORAS

Artigo 32.- ACREDITACIÓN COMO COLABORADORES

A EASD recoñecerá as empresas, persoas e institucións a súa colaboración no desenvolvemento das prácticas mediante a realización dunha certificación para aquelas entidades que a soliciten. Dita colaboración tratarase de publicitar na web e medios propios da EASD para agradecer as oportunidades ofertadas ao noso alumnado.

CAPITULO XV. ESTUDANTES

Artigo 33.- DEREITOS DOS ESTUDANTES

Os estudantes das formación práctica en empresas, estudos ou talleres, compartirán os dereitos e deberes recollidos nestas instrucións nos artigos 14 e 15. Ademais recóllese que terán dereito a contar cun titor externo na entidade colaboradora na que as realicen, e tamén cun titor académico da EASD.

Así mesmo terán todos aqueles dereitos recollidos na normativa que regula os seus estudos.

CAPITULO XVI. TITORIZACIÓN

Artigo 34.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

O estudantado contará cun titor externo da entidade colaboradora e cun titor académico da EASD. Compartese o recollido nos artigos 20,21 e 22 das presentes instrucións sempre prevalecendo as normativas que regulen os seus estudos.

CAPITULO XVII. AVALIACIÓN

Artigo 35.- AVALIACIÓN DA FORMACIÓN PRÁCTICA

O seguimento e avaliación da fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres corresponderá o titor de prácticas designado polo centro educativo quen tomará en consideración o grao de cumprimento dos obxectivos e valoración que sexa realizado pola empresa e figure na carpeta de prácticas de cada alumno. O alumno que supere a fase de prácticas obterá un APTO na súa calificación.

3.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DAS PE E FPEET

Artigo 36.- RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS DAS PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES

Estudos cursados e superados en titulacións universitarias de grao: o alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño poderá obter o recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas que os integran, por ter superado períodos de estudo conducentes a titulacións oficiais españolas de ensinanzas universitarias, sempre que se acrediten en créditos ECTS. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e estea en posesión dun título de grao universitario, integrado nunha rama de coñecemento directamente relacionada coas ensinanzas superiores de Deseño, segundo o establecido no anexo 2.a) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seralle recoñecido un mínimo de 36 créditos ECTS asociados ás disciplinas que integran as ensinanzas que cursa, segundo o establecido no anexo 1 do citado Real decreto 1618/2011, do 14



de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño, e teña superado as prácticas externas curriculares dun título integrado nunha rama de coñecemento de ensinanzas universitarias directamente relacionada coas ensinanzas superiores de Deseño, segundo o establecido no anexo 2.a) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seranlle recoñecidos total ou parcialmente, créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas nas prácticas curriculares superadas e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, se for o caso, sen prexuízo da entrega da documentación que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado nas prácticas curriculares non se terá en conta para os efectos da cualificación nas Prácticas Externas. Se o recoñecemento de créditos ECTS é total, manterase a cualificación obtida polo alumnado nas prácticas curriculares superadas.

Estudos cursados e superados conducentes ao título de técnico/a superior de Artes Plásticas e

Deseño: ao alumnado de ensinanzas superiores de Deseño que estea en posesión dun título de técnico superior en Artes Plásticas e Deseño, ou titulación declarada equivalente, seranlle recoñecidos un mínimo de 30 créditos ECTS asignados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que está cursando, en función da relación directa entre a especialidade das ensinanzas superiores de Deseño que estea cursando e as ensinanzas de artes plásticas e deseño que teña cursadas, segundo o establecido no anexo 2.c) do citado Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e teña superado o módulo profesional de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres, integrado nun ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño, seranlle recoñecidos parcialmente créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas no módulo superado e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, sen prexuízo da entrega da documentación, que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado no módulo de Formación en empresas, estudos ou talleres non se terá en conta para ningún efecto de recoñecemento de créditos ECTS, e no seu expediente académico figurará coa notación REC (recoñecida).

Estudos cursados e superados conducentes ao título de técnico superior de Formación Profesional:

ao alumnado das ensinanzas superiores de Deseño que estea en posesión dun título de técnico superior en Formación Profesional, ou titulación declarada equivalente, seranlle recoñecidos un mínimo de 30 créditos ECTS, asignados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de Deseño que está cursando, en función da relación directa entre a especialidade das ensinanzas superiores de Deseño que estea cursando e as ensinanzas de Formación Profesional que teña cursadas, segundo o establecido no anexo 2.e) do citado Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro. Ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño e teña superado o módulo profesional de Formación en centros de traballo das ensinanzas de Formación Profesional de Grao Superior, relacionado directamente coa especialidade dos estudos superiores que está cursando, segundo o establecido no anexo 2.e) do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, seranlle recoñecidos parcialmente créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas no módulo superado e aplicando a proporción dun crédito ECTS por cada 25 horas realizadas. Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar as horas asignadas a estas, sen prexuízo da entrega da documentación, que corresponda. A cualificación obtida polo alumnado no módulo de Formación en centros de traballo, non se terá en conta para ningún efecto de recoñecemento de créditos ECTS, e no seu expediente académico figurará coa notación REC (recoñecida). Tamén se poderán recoñecer créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de Deseño ao alumnado que teña superado cursos de especialización



referidos a un título oficial de técnico superior de Formación Profesional sempre que se acrediten oficialmente en créditos ECTS.

Recoñecemento total ou parcial dos créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas Curriculares pola experiencia laboral ou profesional acreditada: de acordo co establecido no número dous do Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, ao alumnado que cursa as ensinanzas superiores de Deseño poderánselle recoñecer créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas pola experiencia laboral ou profesional acreditada, sempre que a dita experiencia laboral ou profesional estea directamente relacionada coas competencias inherentes ao título a que conduce os estudos que cursa. O número de créditos ECTS que se lle recoñezan, asociados á disciplina de Prácticas Externas, non poderá exceder o 15 % da totalidade dos créditos ECTS asociados ao plan de estudos. O recoñecemento da totalidade destes créditos ECTS non incorporará cualificación, deberá figurar como cualificación a notación REC (recoñecida), e non contando para os efectos da baremación do expediente académico do alumnado. No caso do recoñecemento parcial dos créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, o alumnado deberá cursar a dita disciplina realizando as horas que correspondan, a razón de 25 horas por cada crédito ECTS non recoñecido, sen prexuízo do cumprimento das disposicións relativas á realización e superación da dita disciplina e, en particular, á súa cualificación

Artigo 37.- RECOÑECEMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES POR CURRICULARES

A EASD entendendo que a realización das prácticas extracurriculares esta directamente relacionada coas competencias inherentes ao título a que conducen os estudos que se cursan, despois de consulta realizada o efecto o estamento correspondente, permite o recoñecemento directo de créditos ECTS asociados a disciplina de Prácticas Externas, non podendo exceder do 15% da totalidade dos créditos ECTS asociados ó plan de estudos. O recoñecemento da totalidade destes créditos ECTS non incorporará cualificación, deberá figurar como cualificación a notación REC (recoñecida), e non contando para os efectos da baremación do expediente académico do alumnado. No caso do recoñecemento parcial dos créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, o alumnado deberá cursar a dita disciplina realizando as horas que correspondan, a razón de 25 horas por cada crédito ECTS non recoñecido, sen prexuízo do cumprimento das disposicións relativas á realización e superación da dita disciplina e, en particular, á súa cualificación.

Artigo 38.- RECOÑECEMENTO DE FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS, ESTUDIOS E TALLERES

Poderá quedar total ou parcialmente exento da fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres, quen acredite experiencia laboral no campo profesional directamente relacionada co ciclo formativo pertinente segundo a súa lexislación curricular o estableza. Aterase os prazos de convalidacións establecidos no calendario académico da EASD.

4.- PRACTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS e FORMACIÓN PRÁCTICA EN EMPRESAS ESTUDOS OU TALLERES A TRAVÉS DE ERASMUS+

Artigo 39.- PRACTICAS DE ERASMUS +

Os estudantes que desexen realizar as prácticas de acordo co convenio Erasmus+ deberán adaptarse as normas e prazos establecidos o efecto por dito regulamento e calendario de prácticas. Os requisitos de acceso a ditas prácticas serán establecidos pola convocatoria correspondente que será correctamente publicada polo responsable Erasmus da EASD ó efecto.

5.- PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 40.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARACTER PERSOAL



Os ficheiros automatizados nos que se sometan a tratamento datos persoais de estudantes, persoal das entidades colaboradoras ou outros participantes nos programas de prácticas académicas externas, deberán respectar a lexislación e a normativa sobre protección de datos de carácter persoal e aplicar as medidas de seguridade que correspondan.

6. SISTEMA DE GARANTIA DE CALIDADE

Artigo 41.- SISTEMA DE CALIDADE DA EASD

As prácticas externas das titulacións de Estudos Superiores de Deseño seguirán os mecanismos de control de calidade das prácticas estableceranse no marco do Sistema de Garantía de Calidade do centro, e deberán ter en conta, cando menos, os seguintes elementos:

- Orientación ao estudante a través do coordinador de prácticas ou doutros mecanismos
- Medición da satisfacción de estudantes e entidades colaboradas a través de enquisas
- Xestión de queixas e reclamacións a través da secretaria de Escola
- Avaliación anual e propostas de mellora

Terase en conta na documentación emitida polo Departamento de Empresas:

- Non primar xénero feminino ou masculino en expresión referidas a cargos académicos ou estudantes
- Procurarase que a xestión dos convenios e demais trámites de prácticas a realice a Administración da Escola, así coma o seguimento, enquisas e instrumentos de medición e satisfacción. Mentres dita administración non poida asumir as funcións seguirá a realizarse polo Departamento de Empresas na figura do Xefe do mesmo e titores.
- A web da EASD deberá estar actualizada para favorecer a transparencia e axilizar trámites cos estudantes e empresas.
- As prácticas anteriores rexéranse pola normativa que as regulaba e os procedementos e documentos establecidos na xestión de calidade.
- Procurarase que a xestión de prácticas sexa o mais informatizada, transparente e autónoma posible

As presentes instrucións entra en vigor o día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios/WEB da EASD.

Santiago de Compostela, 16 de Setembro de 2019
EASD Mestre Mateo. Departamento de relación con Empresas, estudos ou talleres.